

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

BENEFICIARIO/A: Cofradía de Pescadores San José de Cangas
NIF: G36014389
TIPO DE NOTIFICACIÓN: electrónica
ENDEREZO ELECTRÓNICO: info@cofradiadecangas.org
ENDEREZO POSTAL:

Recibida a súa solicitude de execución y xustificación do importe concedido e correspondente coa anualidade 2022 na anualidade 2023 da subvención concedida ao abeiro da *Orde do 10 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) – financiado pola Unión Europea -NextGenerationEU para os anos 2022-23 (código de procedemento MT821A) (DOG N°122 do 28-06-2022)*, con cargo á liña de investimento I2 "Conservación da biodiversidade terrestre e mariña do compoñente C4 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a realización de:

- Actuación: Lanzamento comercial novo produto de calidade "Navalla das Cíes"
- Expediente: PN-073/2022

COMUNÍCOLLE:

Que o 13 de xaneiro de 2023, a directora xeral de Patrimonio Natural, por delegación da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resolveu modificar a resolución de 2 de decembro de 2022 pola que se acorda a concesión das axudas en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ás INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, acordando o reaxuste de anualidades ás que se imputa o pagamento das axudas concedidas, para ser executado e xustificado polo importe total da subvención na anualidade de 2023.

Os demais termos da resolución de 2 de decembro mantense inalterables.

Importe concedido	15.000 €
Execución e pagamento	Ata o 31 de outubro de 2023
Xustificación	Ata o 1 de novembro de 2023



Esta subvención finánciase integramente pola Unión Europea a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en reservas da biosfera con cargo ao PRTR, mediante o instrumento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, aprobado polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, dentro do compoñente 4, Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade, liña de investimento 12 Conservación da biodiversidade terrestre e mariña.

Contra a dita resolución cabe a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da notificación da presente comunicación, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de calquera dúbida diríxase á Dirección do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Asinado electronicamente en Vigo

Director Conservador do Parque Nacional

Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

José Antonio Fernández Bouzas

